



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27) <small>Esta portada no forma parte del documento original en papel</small>		 174W 1F54 1P1Y 1U32 189Y	
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE140DEL		
Número/Año	17373/2020		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	ACM		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	4 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	01/06/2020 13:27:39		
Fecha Captura	01/06/2020 13:27		
Valor CSV	174W 1F54 1P1Y 1U32 189Y		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsa electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa concelleira Avia Veira González, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN sobre ensino**,

Exposición de motivos

Diante da situación de pandemia en que nos atopabamos, a Xunta de Galiza suspendeu as aulas presenciais en todos os centros de ensino cun primeiro día en que foi optativo que o alumnado acudise. E neste momento, no seu "característico" respecto ás profesionais e ás direccións dos centros, a Xunta de Galiza comunicou publicamente aos medios de comunicación a suspensión das aulas, moito antes de llo comunicar aos propios centros de ensino.

E a partir de aí, todo foron incertezas: primeiro segundo a Consellaría os docentes e as docentes terían que acudir aos centros, poñendo en risco a súa saúde, mentres a maior parte das empresas xa estaban a tomar medidas para impulsar o teletraballo. Primeira ocasión durante a xestión da pandemia en que as responsábeis da política educativa da Xunta de Galiza tiveron que recuar polas denuncias dos representantes das traballadoras e dos traballadores, non sería a última.

Desamparo foi a sensación maioritaria que tiveron moitas e moitos profesores durante este período en que todo foron indicacións difusas da Consellaría de Educación mais non medidas firmes e executivas, nin sequera houbo posicionamentos claros por parte de Carmen Pomar que unha tarde asinaba un documento con outras consellarías doutras comunidades autónomas e logo defendía absolutamente o contrario: remata ou non remata o curso, aprobado ou non aprobado xeral, avalíase só até o impartido presencialmente ou impártese nova manteria... Todo isto foron incertezas que a tropezos se foron resolvendo mentres o profesorado e o alumnado tiveron que ir "apañándose".

A situación de improvisación continua desde o inicio do Estado de Alarma prexudicou a familias, alumnado e docentes: desde as incertezas sobre a ABAU, ás contradicións sobre como sería a avaliación do segundo e do terceiro trimestre, até a máis recente incorporación do alumnado que se prevía na fase dúas do desconfinamento.

Así, os escenarios segundo a etapa educativa ou mesmo a área de traballo podían ser moi variábeis: profesorado que imparta clase nalgún dos cursos que formarían parte dese desconfinamento "voluntario" (educación infantil até os 6 anos, 4º da ESO, 2º de Bacharelato, 2º de Ciclos de FP, alumnado de Educación Especial ou de calquera outra etapa educativa para reforzo) e que, polo tanto, teña que incorporarse presencialmente e á vez manter ensino online con outros grupos; profesorado que teña que incorporarse de facto, como o de infantil, pero que se atope coa problemática de que hai maior número de alumnado que

cumpre os requisitos de regreso que as prazas permitidas por aula (15 segundo as directrices do Ministerio).

Así pois, pretendíase unha volta aos centros educativos sen claras garantías sanitarias. De feito, na volta aos centros a Xunta de Galiza tratou peor o profesorado e o persoal de ensino do que ao resto do funcionariado xa que, fronte a disposicións legais anunciadas no DOG para este último colectivo, no ensino non se negociou nada nin se publicou ningunha norma nin se programou nada coa suficiente antelación.

De feito, a Xunta tivo que recuar de novo nas súas intencións de reincorporar o profesorado ao traballo presencial e finalmente aquelas persoas que conviven con poboación vulnerábel e con menores a cargo non terían que reincorporarse ao centro.

Mais alén da falta de negociación ou da actitude de botar balóns fóra e culpar ao Ministerio de todo canto mal se facía, a Xunta de Galiza non tomou ningunha decisión para axudar as familias, as nenas, os nenos, a mocidade a levar a cabo este confinamento e desconfinamento educativo.

Desde as tremendísimas e dramáticas dificultades para o acceso á rede e a máis que notábel fenda dixital que existe na nosa sociedade: non só en canto aos materiais físicos senón tamén en canto a aptitudes dixitais, até as dificultade/s máis que normais de compaxinaren nunha mesma casa adultos con teletraballo e estudantado que precisaba tamén as ferramentas informáticas para realizaren as súas tarefas.

Dificultades todas que a Consellería de Educación pretendeu solucionar co reparto de 1000 ordenadores portátiles para todos os centros de educación secundaria do país: ordenadores para os cales ademais se precisaría de internet e de aptitudes dixitais para os manexar.

Pero é que ademais o ordenador, non é unha aula: como teñen manifestado moitas profesoras e moitos profesores. Precísase do contacto, da comunicación directa, da presenza nas aulas, precísase ver o alumnado para poder impartir axeitadamente os contidos, para poder ensinar.

Na proximidade está o verdadeiro valor do ensino, no contacto, na comunicación real e presencial está o verdadeiro valor igualador da educación pública: enviar correos electrónicos ou subir a unha nube documentos e tarefas para que se devolvan cubertos coma se fosen formularios non é ensino. Así, o alumnado non aprende, e as familias en moitas ocasións séntense frustradas. É fácil ver como diante desta situación tamén hai unha clara fenda de clase e como hai notábeis diferenzas entre as familias cuns niveis culturais e de formación académica máis

elevados e as que non o teñen: unhas poderán prestar máis atención e axudar máis nas tarefas escolares e outras non.

Capítulo aparte merecen as dificultades que están a sufrir as familias monoparentais, os rapaces e rapazas con NEAE e tamén as familias cuxos proxenitores traballan nos sectores esenciais e que polo tanto non puideron teletraballar, con xornadas interminábeis e onde moitas veces os irmáns e as irmás maiores tiveron que exercer os coidados e cuxas dificultades para manter os ritmos de tarefas foi realmente complicado.

E a 1 de xuño de 2020, máis de dous meses e medio despois do inicio do Estado de Alarma e a tres meses do inicio do curso 2020/2021: non temos absolutamente ningunha certeza de como se vai desenvolver o vindeiro curso.

No proceso de desconfinamento en seguida houbo instrucións para saber cando podiamos retomar as cañas coas amigas, cedo soubemos en que fase poderiamos ir mercar ás tendas, xa temos calendario da Liga de Fútbol Profesional, Feijóo xa falou máis das verbenas do que do calendario e desenvolvemento do vindeiro curso académico.

Semella que o ensino é o último do último, pero o inicio do curso académico a tres meses vista non pode ser improvisado: esa excusa xa non serve. Tampouco a de botar balóns fóra ou as culpas ao Ministerio: as competencias en ensino son da Xunta de Galiza, que debera estar preocupado en analizar a situación, os posibles escenarios, os posibles plans diante dos diferentes escenarios e en expoñer e negociar coa comunidade educativa a volta as aulas en setembro con todas as garantías sanitarias e pensando na importancia real e social do ensino.


Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG solicita ao Pleno do Concello da Coruña que adopta os seguintes:

Acordos

1. Demandar da Consellaría de Educación que inicie a planificación do vindeiro curso académico con todas as garantías sanitarias analizando os diferentes escenarios e en diálogo coa comunidade educativa e a representación das traballadoras e dos traballadores incrementando a contratación de profesorado, adaptando os espazos existentes ou habilitar outros novos, diminuindo as ratios nas aulas para cumprir as distancias de seguridade, reordenando os servizos de comedor ou transporte escolar e afrontando a posibilidade de combinar o ensino presencial e a distancia.

2. Demandar da Xunta de Galiza que realice un estudo sobre o acceso ás ferramentas informáticas do estudiantado co fin de atallar dunha maneira realista a fenda dixital que existe na nosa sociedade.

A Coruña, 1 de xuño 2020



Avia Veira González
Concelleira do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA